Bases reguladoras para a concesión **de axudas de compensacións complementarias e axudas para a reposición dos animais en explotacións de gando bovino, ovino e cabrún, como consecuencia do sacrificio obrigatorio de gando** en execución de programas oficiais de erradicación de enfermidades, e se convocan para o ano 2022 (**MR553A, MR553B e MR550A**).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220222/AnuncioG0426-080222-0001_gl.html

PRAZOS: 23/02/2022 - 30/11/2022

MR553B - **Axudas de compensacións complementarias en explotacións de gando bovino**, ovino e cabrún: Período de **postautorización á reintrodución**. https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR553B

MR553A - **Axudas de compensacións complementarias en explotacións de gando bovino**, ovino e cabrún: **Período de baleiro**. https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR553A&ano=2022&numpub=1&lang=gl

MR550A - **Axudas á reposición de animais**. https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codCons=MR&codProc=550A

AS EXPLOTACIÓN SOCIAS DE ADSG, COBRARÁN UN 10% MAIS NAS AXUDAS

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e convocar para o ano 2022:

1. **As axudas de compensacións complementarias por lucro cesante nos casos de inactividade nas explotacións de gando bovino, e gando ovino e cabrún**, rexistradas en Galicia, con motivo da vixilancia, loita, control ou erradicación de enfermidades destas especies, levados a cabo no marco de programas ou actuacións sanitarias oficiais.

2. **As axudas para a compra de animais das especies bovina, ovina e cabrúa que teña por obxecto a reposición de efectivos, naquelas explotacións rexistradas en Galicia en que se ordenou o sacrificio de animais destas especies, despois do diagnóstico dunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actuación sanitaria oficial de vixilancia**, loita, control ou erradicación; tamén se incluirán os casos de animais desas especies que morresen neses marcos sanitarios oficiais citados, e os casos de morte/sacrificio deses animais como consecuencia dun programa oficial obrigatorio de vacinación.

INFORMACIÓN

Servizo de Gandaría de Lugo Teléfono: 982 29 45 34